

1. IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA: NON NOS MIRES... ÚNETE!

ETAPA	EDUCACIÓN PRIMARIA	NIVEL	5º E 6º
ÁREAS	Educación Artística (Educación Plástica e Educación Musical), Valores Sociais e Cívicos e Lingua Galega e Literatura.	MESTRES	Ana Domínguez Collarte

DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

Despois de estar todo o curso investigando sobre as e os artistas máis reivindicativos da historia da arte, pasaremos a converternos nós nestes. Manifestarémonos sobre diversas problemáticas sociais (escolidas polo propio alumnado no segundo trimestre) no “II Congreso #ODS 2030” que celebraremos no mes de xuño no colexio.

Para este congreso, o noso alumnado amosará as diferentes obras de arte que crearon durante este curso neste ámbito: explicarán os murais feitos reivindicando a diversidade (creando así mesmo un mural no muro do patio do colexio os días do congreso), colocarán a instalación artística creada (para que así o público poida realizar o happening), realizarán a performance ideada e gravarán o congreso para deixar evidencias audiovisuais del na nosa canle de YouTube.

XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

Esta tarefa axudará ás cativas e cativos a potenciar a súa creatividade baixo a reivindicación de diversas problemáticas sociais.

A través das actividades propostas, o noso alumnado poderá ter unha aprendizaxe competencial, xa que estaremos traballando a CCL, por exemplo, a través dos debates que se poderían crear á hora das decisións que teñan que tomar; a CMCT xa que precisaremos que teñan en conta o aprendido sobre medidas para, por exemplo o mural que crearán; a CD porque gravarán o congreso con Ipads; a CAA porque traballaremos de maneira cooperativa, onde se terán que organizar e planificar o traballo; a CSC xa que traballaremos unha problemática social e ademais ao traballar en equipo, deberán chegar a

acordos e debater dende o respecto; a CSIEE xa que o propio produto final xorde da creatividade e da iniciativa das nenas e nenos; e a CECC, porque serán elas e eles os artistas reivindicativos esta vez.

CONTEXTO:

Ámbito Creavisual: Aula Dixital e Patio.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR (1)

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3
1º SESIÓN			
Asemblea (círculo) onde lles faremos as seguintes preguntas: “Que foi o que máis che gustou do ámbito?”, “ Que pensas que podemos facer para o congreso deste ano?”.	LGB1.5.1. Escoita atentamente as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.	LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	
Deseño dun título, a través da estratexia cooperativa “ folio xiratorio ” para colocar na nosa exposición de murais da diversidade.	EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.	EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.	
Creación dos códigos QR cos vídeos do primeiro trimestre	EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e		

"NON NOS MIRES... ÚNETE!"



para colocar a modo explicativo na exposición dos nosos murais.	retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.		
Invencción, a través da estratexia cooperativa "lapis ao centro" dun bosquejo para realizar un mural no patio do colexio durante o congreso.	VSCB1.2.3 Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e á resolución de conflitos.	VSCB2.1.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse.	EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.
Colocación de todo o creado no patio.	EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.		
Ensaio-repaso da performance creada no segundo trimestre, realizando tamén propostas de mellora, a través dunha "chuvia de ideas" .	EPB2.5.3. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.	EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	
2º SESIÓN			
Creación dunha playlist, a través dunha "chuvia de ideas" , coa aplicación <i>Mentimeter</i> .	EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.	EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.	

"NON NOS MIRES... ÚNETE!"



Repaso, coa estratexia cooperativa 1:2:4 , da análise DAFO feita no anterior trimestre, sobre a instalación artística creada.	EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.	LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.	
Modificación das instalacións artísticas coas propostas de melloras ditas na anterior actividade.	EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.		
Creación da decoración da nosa instalación artística, para que sexa máis vistosa ao público á hora de realizar o happening.	EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.		
Colocación da instalación artística e a súa decoración no patio.	EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.		
Creación do vestiario e decoración da nosa performance.	EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.		
Ensaio da performance creada.	EPB2.5.3. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.	EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	

"NON NOS MIRES... ÚNETE!"



<p>Asemblea (círculo) final de retroalimentación e metacognición do ámbito e preparación para o congreso.</p>	<p>VSCB1.3.3. Xera confianza nos demais realizando unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.</p>	<p>EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.</p>	<p>LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p>
---	--	--	---

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
1º SESIÓN				
<p>Asemblea (círculo) onde lles faremos as seguintes preguntas: "Que foi o que máis che gustou do ámbito?", " Que pensas que podemos facer para o congreso deste ano?".</p>	<p>Sentarémonos co noso alumnado creando un círculo proactivo.</p>	<p>Proporemos as preguntas para que se respondan.</p>	<p>O alumnado responderá respectando a quenda de palabra e seguindo o sentido das agullas do reloxo.</p>	
<p>Deseño dun título, a través da estratexia cooperativa "folio xiratorio" para colocar na nosa exposición de murais da diversidade, no lugar onde colocaremos as instalacións artísticas e onde realizaremos as performances.</p>	<p>Comezaremos co feito no primeiro trimestre: os carteis vangardistas que reivindicaban todos os tipos de diversidade.</p>	<p>Pensaremos como colocalos dunha maneira vistosa, baixo o lema "Somos divers@s".</p>	<p>Crearemos títulos para os stands do congreso. Como van ser catro grupos de ámbitos e van estar en catro stands, imos darlle un a cada un baixo os nomes de: "Somos divers@s", "Non nos mires, únete!", "Xunt@s somos máis</p>	<p>Os títulos imos crealos a través da estratexia cooperativa do "folio xiratorio". Cando todos os equipos teñan o seu bosquejo, votaremos o que máis lles gustou e pintarémolo ou faremos un collage nunha cartulina.</p>

"NON NOS MIRES... ÚNETE!"



			fortes!" e "Vblog "II Congreso ODS".	
Creación dos códigos QR cos vídeos do primeiro trimestre para colocar a modo explicativo na exposición dos nosos murais.	Crearemos os códigos QR a través da seguinte páxina web: https://www.qrcode-monkey.com/es	Colocaremos os QR nun writer, para imprimilos e plastificalos.		
Invencción, a través da estratexia cooperativa " lapis ao centro " dun bosquexo para realizar un mural no patio do colexio durante o congreso.	Esta vez faremos un "lapis ao centro" para crear o bosquexo.	Mentres unha persoa do equipo fala e explica o que quere debuxar, o resto está calado prestando atención.	Cando volvan coller o lapis todo o mundo, se están de acordo pintarán o seu bosquexo.	Realizaremos os mesmos pasos que no deseño do título: faremos unha votación en gran grupo, e o bosquexo gañador será o que se pinte no congreso.
Colocación de todo o creado no primeiro trimestre e nesta sesión no patio.	Baixaremos cos murais, os códigos QR e os carteis ao patio.	Veremos un espazo adecuado para colocalos (o máis probable es que os coloquemos no escenario situado no patio cuberto).	Sacaremos fotografías para lembrar onde está colocada cada cousa, para así non tardar ao situalo o día do congreso.	
Ensaio-repaso da performance creada no segundo trimestre, realizando tamén propostas de mellora, a través dunha " chuvia de ideas ".	Poremos o vídeo gravado da performance creada no trimestre pasado.	Pensaremos en gran grupo, e faremos unha chuvia de ideas, coas propostas de mellora.	Ensaiaremos a performance tendo en conta estas propostas.	
2º SESIÓN				
Creación dunha playlist, a través dunha " chuvia de ideas ", coa aplicación <i>Mentimeter</i> .	O alumnado accederá á seguinte ligazón a través da aula virtual: https://www.mentimeter.com/app/presentation/2e7142d5a	.Poderán escribir as cancións que eles e elas queiran, e cando rematen, poderán insertalas na playlist		

"NON NOS MIRES... ÚNETE!"



	f8e6b20746caa5cf3c7a6df/3919114f72bd	creada pola docente no canle de Youtube do colexio.		
Repaso, coa estratexia cooperativa 1:2:4 , da análise DAFO feita no anterior trimestre, sobre a instalación artística creada.	Revisaremos a análise DAFO feita no anterior trimestre, primeiro en equipos, coa estratexia 1:2:4 e logo en gran grupo.	Teremos en conta sobre todo as propostas de mellora, para comezar a traballar nelas para a presentación no congreso.		
Modificación das instalacións artísticas coas propostas de melloras ditas na anterior actividade.	Como no anterior trimestre, dividiremos o traballo de modificación por equipos.	Cada equipo encargarse de modificar unha parte da instalación.		
Creación da decoración da nosa instalación artística, para que sexa máis vistosa ao público á hora de realizar o happening.	O mesmo que na anterior actividade.			
Colocación da instalación artística e a súa decoración no patio.	Baixaremos ao patio cuberto para colocar a instalación.	Cando xa estea todo posto, gravaremos ou sacaremoslle fotografías para saber onde está cada parte da instalación.		
Creación do vestiario e decoración da nosa performance.	Para que a performance sexa máis vistosa, pedirémoslles que pensen nalgún tipo de prenda ou de accesorio que poidan levar e crear todas e todos.	Os accesorios que creen, tentaremos que xoguen cos espectadores e serán de materiais sostibles ou reciclados.	Tamén crearán un fondo ou unha decoración para a súa performance, con materiais sostibles ou reciclados.	
Ensaio da performance creada.	Xa co vestiario feito, ensaiaremos a nosa performance.	Teremos en conta as propostas de mellora feitas na anterior sesión.	Gravaremos a performance e a	Tentaremos realizala no espazo e nos grupos que van a

"NON NOS MIRES... ÚNETE!"



			mestra subirá esta á aula virtual.	realízala o día do congreso.
Asemblea (círculo) final de retroalimentación e metacognición do ámbito e preparación para o congreso.	Sentarémonos co noso alumnado creando un círculo proactivo, coas mesmas normas ca primeira sesión.	Neste caso faremos unha autocrítica deste ámbito, propostas de mellora para a mestra e o que aprendemos.	Serviranos tamén para saber as expectativas do noso alumnado sobre este ámbito no congreso e as súas inquedanzas e motivacións.	

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMP.
1º SESIÓN				
Asemblea (círculo) onde lles faremos as seguintes preguntas: "Que foi o que máis che gustou do ámbito?", " Que pensas que podemos facer para o congreso deste ano?".	Aula dixital.	Gran grupo.	Obxecto da palabra e círculo proactivo.	9:20-9:40 (20 min).

"NON NOS MIRES... ÚNETE!"



Deseño dun título, a través da estratexia cooperativa "folio xiratorio" para colocar na nosa exposición de murais da diversidade.	Aula dixital.	Equipos cooperativos.	Folios DIN-A3, bolígrafos, lapis, gomas de borrar, rotuladores, pinturas... Tamén brindaremoslles unha opción virtual a través da seguinte páxina web: https://www.designevo.com/es/apps/logo/ Ou mesmo se dispoñemos dos Ipads poderemos facela coa app Piccollage.	9:40-10:10 (30 min)
Creación dos códigos QR cos vídeos do primeiro trimestre para colocar a modo explicativo na exposición dos nosos murais.	Aula dixital.	Equipos cooperativos e individual.	Ordenadores, Youtube, páxina web para a creación dos códigos QR: https://www.qrcode-monkey.com/es Plastificadora, plásticos, impresora e folios DIN-A3.	10:10-10:30 (20 min)
Invencción, a través da estratexia cooperativa "lapis ao centro" dun bosquexo para realizar un mural no patio do colexio durante o congreso.	Aula dixital.	Equipos cooperativos.	Folios DIN-A3, lapis, rotuladores, pinturas, papel continuo...	10:30-11:10 (40 min)
Colocación de todo o creado no primeiro trimestre e nesta sesión no patio.	Patio cuberto.	Gran grupo e equipos cooperativos.	Murais realizados no primeiro trimestre, títulos, códigos QR e mural-cartel para o congreso.	11:10-11:20 (10 min)
Ensaio-repaso da performance creada no segundo trimestre, realizando tamén propostas de mellora, a través dunha "chuvia de ideas" .	Aula dixital.	Gran grupo.	Materiais que precise o noso alumnado.	11:20-11:40 (20 min)

"NON NOS MIRES... ÚNETE!"



2º SESIÓN				
Creación dunha playlist, a través dunha "chuvia de ideas", coa aplicación <i>Mentimeter</i> .	Aula dixital.	Gran grupo e individual.	Ordenadores, páxina web de <i>Mentimeter</i> : https://www.mentimeter.com/app/presentation/2e7142d5af8e6b20746caa5cf3c7a6df/3919114f72bd Canle de YouTube do colexio.	9:20-9:40 (20 min)
Repaso, coa estratexia cooperativa 1:2:4 , da análise DAFO feita no anterior trimestre, sobre a instalación artística creada.	Aula dixital.	Equipos cooperativos e gran grupo.	Folios onde realizaron a análise DAFO e bolígrafos ou lapis.	9:40-10:10 (30 min)
Modificación das instalacións artísticas coas propostas de melloras ditas na anterior actividade.	Aula dixital.	Equipos cooperativos.	Material que precise o noso alumnado.	10:10-10:50 (40 min)
Creación da decoración da nosa instalación artística, para que sexa máis vistosa ao público á hora de realizar o happening.	Aula dixital.	Equipos cooperativos.	Materiais reciclados que precise o noso alumnado.	10:50- 11:20 (30 min)
Colocación da instalación artística e a súa decoración no patio.	Patio cuberto.	Equipos cooperativos e gran grupo.	Estruturas feitas para a instalación.	11:20-11:40 (20 min)
Creación do vestiario e decoración da nosa performance.	Aula dixital.	Equipos cooperativos.	Materiais reciclados que precise o noso alumnado.	12:30- 13:00 (30 min)

Ensaio da performance creada.	Aula dixital, patio cuberto ou biblioteca.	Gran grupo.	Materiais que precise o noso alumnado e Ipad.	13:00-13:10 (10 min)
Asemblea (círculo) final de retroalimentación e metacognición do ámbito e preparación para o congreso.	Aula dixital.	Gran grupo.	Obxecto da palabra e círculo proactivo.	13:10-13:20 (10 min)

EXEMPLO DE INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN

LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	SI	NON	OBSERVACIÓNS
<p>EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.</p> <p>-Manexa programas para crear códigos QR.</p>			
<p>EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.</p> <p>-Utiliza técnicas de debuxo.</p> <p>-Manexa instrumentos e materiais de forma adecuada.</p> <p>-Coida o material e o espazo.</p>			

"NON NOS MIRES... ÚNETE!"



<p>EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.</p> <p>-Produce obras plásticas.</p> <p>-Escolle técnicas e instrumentos axeitados.</p>			
<p>EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.</p> <p>-Realiza fotografías.</p>			
<p>VSCB2.1.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse.</p> <p>-Escoita activamente.</p> <p>-Demuestra interese.</p> <p>-Axuda a que sigan motivadas.</p>			
<p>VSCB1.3.3. Xera confianza nos demais realizando unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.</p> <p>-Xera confianza.</p> <p>-Realiza unha autoavaliación crítica.</p>			
<p>EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.</p> <p>-Interésase por descubrir cancións de diferentes características.</p>			
<p>EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.</p>			

"NON NOS MIRES... ÚNETE!"



-Comprende.

-Acepta.

-Respecta.

ESCALA DE ESTIMACIÓN

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	SEMPRE	CASE SEMPRE	ÁS VECES	NUNCA
LGB1.5.1. Escolta atentamente as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.				
LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.				
LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.				
EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.				
EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.				
EPB2.5.3. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.				
EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.				
VSCB1.2.3 Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e á resolución de conflitos.				

"NON NOS MIRES... ÚNETE!"



DESENVOLVE ACTITUDES DE COOPERACIÓN E TRABALLO EN EQUIPO, VALORA AS IDEAS ALLEAS E REACCIONA CON INTUICIÓN, APERTURA E FLEXIBILIDADE ANTE ELAS.	NUNCA	AS VECES	CASE SEMPRE	SEMPRE
⇒ Valora as opinións dos demais.				
⇒ Valora as ideas dos demais				
⇒ Participa aportando ideas.				
⇒ Participa dando as súas opinións sobre un tema.				
⇒ Acepta responsabilidades e ten perseveranza .				
⇒ Pide axuda cando o precisa				
⇒ Deixase axudar polos demais.				
⇒ Axuda e está pendente de quen precisa axuda				
⇒ Acepta as críticas (propostas de mellora).				
⇒ Respecta as quendas nas estruturas cooperativas.				
⇒ Resume o traballo para facilitar a comprensión dos compañeiros/as				
⇒ Escoita con atención aos demais, mirando aos compañeiros e aportando a súa opinión.				
⇒ Participa activamente sabendo o que ten que facer.				

RÚBRICA DE AUTOAVALIACIÓN DOCENTE

1. Planificación da actividade docente	A (4)	B	C	D (1)
No ámbito, os estándares de aprendizaxe son obxectivos e claros e o alumnado os coñece e entende en todo momento.				
Teño planificadas medidas de atención á diversidade e ao ACNEAE.				
2. Desenvolvemento da actividade docente	A (4)	B	C	D (1)
Nas actividades propostas, hai un emprego de métodos e estratexias, tendo en conta o emprego das TIC, para orientar ao alumnado na súa aprendizaxe.				
Motivo ao alumnado e promovo o seu interese con recursos e estratexias didácticas.				
3. Seguimento das aprendizaxes do alumnado e decisións adoptadas para favorecer a mellora destas e destes	A (4)	B	C	D (1)
Emprego instrumentos e procedementos de avaliación adecuados.				
Realizo un rexistro individualizado dos progresos e realizacións do meu alumnado.				
Teño en conta a atención á diversidade na avaliación do alumnado e realizo actividades adecuadas para este.				
4. Xestión da aula	A (4)	B	C	D (1)
Planifico a miña actividade docente, preparo materiais e as propias actividades, organizo a aula...				
Promovo un ambiente de traballo que desenvolve actitudes de respecto e colaboración.				
Teño en conta as diversas capacidades de rendemento do alumnado e realizo actividades acordes a estas.				